

# SEMPRE XUNTOS (BENZINHO)

[Gustavo Pizzi, 2018]

# 419

ESTREA EN NUMAX: 03.08.2018 | V.O.S.E.

*Benzinho* (2018, 95')

**Dirección:** Gustavo Pizzi

**Guión:** Gustavo Pizzi, Karine Teles

**Elenco:** Karine Teles, Otávio Muller, Adriana Esteves, Konstantinos Sarris, César Troncoso

**Son:** Roberto Espinoza

**Montaxe:** Livia Serpa

**Dirección de arte:** Dina Salem Levy

**Vestuario:** Diana Leste

**Fotografía:** Pedro Faerstein

**Produtoras:** Bubbles Project, TV Zero, Mutante Cine, Pandora Films (Brasil, Uruguai, Alemaña)

**Distribuidora:** Bteam Pictures

**Formato de proxección:** DCP2K, 2.35:1

**Idioma orixinal:** Portugués

## FILMOGRAFÍA

*Riscado*, 2010

*Pretérito perfeito*, 2006

## PREMIOS E FESTIVAIS

Málaga 2018 (Mellor filme latinoamericano, Premio Feroz da crítica), Sundance 2018 (Nomeado ao Gran Premio do Xurado)

## SINOPSE

Irene é unha ama de casa de Rio de Janeiro que ten catro fillos e acolleu á súa irmá e o seu sobriño, vítimas de malos tratos. Xunto ao seu marido forman un clan moi unido pero han de lidar con moitos problemas no seu día a día.

«Un deses filmes que rezuman vida por todos os seus poros, que irradian autenticidade»

Beatriz Martínez, FOTOGRAMAS



# SEMPRE XUNTOS (BENZINHO)

[Gustavo Pizzi, 2018]

EUROPA CINEMAS  
CREATIVE EUROPE - MEDIA SUB-PROGRAMME

## “Benzinho é un filme máis persoal ca autobiográfico”

Entrevista a Gustavo Pizzi

Por María Balaga

**Escribiches Sempre xuntos (Benzinho) canda a actriz principal e ex-muller túa Karina Teles, ao igual có teu anterior filme, Riscado (2010). Como comezou esta colaboración?** Coñecémonos cando estaba a realizar o documental *Préretito perfeito* (2006). Karine axudoume moito no proxecto. Despois comezamos a pensar en *Riscado*, o filme trata sobre unha talentosa actriz, interpretada por ela mesma, que loita por atopar a súa oportunidade. Cando casamos, enfrontámonos a problemas similares. Estaba tentando desenvolver a miña carreira como escritor e director, Karine como actriz. A película abriunos moitas portas. Se non fose por *Riscado* non tería existido *Sempre xuntos (Benzinho)*.

**O teu primeiro filme é un reflexo das túas propias experiencias. Sucede o mesmo con Benzinho?** Hai moitas similitudes coa nosa vida. Ambos marchamos de casa moi novos: eu tiña 16 anos, Karine 17. Rodamos en Petrópolis onde ambos nacemos e, como Fernando, xogabamos ao balonmán. Todo isto é importante pero *Benzinho* é máis persoal ca autobiográfico. Cando marchei de casa só miraba cara a diante. Non me importaba que meus pais e irmáns

quedasen atrás. Pero cando me convertín en pai comecei a mirar o pasado. Con Karine, preguntábame como debían ser os nosos pais daquela época. Sentimentos que probabelmente experimentaremos un día cando os nosos fillos decidan vivir a súa propia vida. Por todos os elementos familiares, *Benzinho* trata sentimentos que aínda non coñecemos. Polo menos polo de agora.

**No filme representas a familia de maneira cálida. Non teñen diñeiro, o seu fillo marcha de casa e aínda así son felices.** Na vida, a miúdo ocorre todo de golpe e tes que lidar con iso. Pero en *Benzinho* eu quería ir alén do sufrimento. Hai esperanza. Esta familia non é de diñeiro pero non vive en favelas. Loitan por unha vida mellor. E, ademais, as mulleres brasileiras teñen que ser fortes. No meu país, as mulleres son as que levan a casa. Moitos homes abandonan as súas familias ou, como Klaus, quéixanse por ter que traballar todo o día e soñan con ter un negocio próspero que os faga ricos. As mulleres son máis pragmáticas. Elas din: «Podes ter soños, mais cómpre pagar as facturas». Irene e a súa irmá Sonia son así. Mantéñense unidas. É difícil e inxusto e por suposto teñen que afrontar numerosas adversidades. Pero na vida hai tamén intres de ledicia, éxito e felicidade.

**Tratabades de mostrar a situación do voso país? Nunha escena, cando as cousas van segundo o planeado, o pai de Fernando di: «Isto é Brasil».** O filme trata sobre Irene e como ela lida coa marcha do seu fillo maior, pero sobre todo trata da nosa época. Coma sempre,

as crises económicas afectan a quen menos diñeiro ten. Os pequenos negocios, como o de Klaus, sofren a bancarrota e en lugar de contratar novos empregados, as fábricas prefiren importar produtos fabricados en China. A xente tenta vender as súas propiedades, pero ninguén merca. Despois de anos de crecemento, vivimos tempos escuros. Ao noso goberno, como demostran algunhas leis recentemente aprobadas, non lle interesan os dereitos dos traballadores e as persoas que viven na pobreza. Persoas como Irene non teñen un traballo regular e enfróntase cada día á dificultade de atopar un.

**A cámara case nunca fica quieta..** Nunha familia coma esa nada fica parado. Hai sempre moito ruído e movemento. O punto principal da historia pertence a Irene. Témola que ver todo o tempo e ao cabo dun rato, entendemos ao que se enfronta. Porén, hai máis persoas na familia. A idea era crear unha tensión entre o que sucedía no seu interior e o que ocorría na súa vida. Pouco a pouco, eu quería adentrarme máis e entender o que ocorría, pero sen perder o punto de vista de Irene.

Publicado en <http://bteampictures.es>  
Tradución: Xan Gómez Viñas

## NUMAX

NUMAX, S. Coop. Galega  
Concepción Arenal, 9 baixo  
15702 Santiago de Compostela  
TEL 981 560 250 | [www.numax.org](http://www.numax.org)

Abónete  
agora e ven  
sempre por

4€

Novas tarifas  
válidas a partir  
do 6 de xullo

Faite  
NUMAX!